Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
ISSN: 1138-9664

EDICIONES COMPLUTENSE

https://dx.doi.org/10.5209/madr.66866

A difusión exterior do galego e a diáspora galega

Takeshi Kakihara[1]

Recibido: 15 de maio de 2019 / Aceptado: 28 de outubro de 2019

Resumo. O obxectivo deste estudo é achegarnos á realidade da política de difusión exterior da lingua galega por parte da Xunta de Galicia e aclarar o seu significado e as relacións cos galegos emigrados e os seus descendentes. A Xunta de Galicia leva a cabo actividades de difusión como parte da política de normalización lingüística. Suponse que as seguintes dúas son as actividades principais de difusión deste idioma: (1) a promoción do galego para non-galegofalantes e (2) o mantemento de galego dos emigrantes galegos. O autor deste estudo presenta neste artigo que tipo de medidas toma cada parte involucrada analizando os datos obtidos da consulta bibliográfica e das entrevistas realizadas coas partes implicadas: a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Secretaría Xeral da Emigración, Centros Galegos e o Instituto Cervantes. Neste artigo analizaremos os casos de Arxentina, de Brasil e de Alemaña como exemplos da comunidade dos galegos emigrados. Tamén analizaremos as actividades que desenvolven os centros do Instituto Cervantes relacionadas coa difusión das linguas cooficiais de España.

Palabras chave: difusión exterior da lingua galega; centros galegos; diáspora galega; política lingüística.

[es] La difusión exterior del gallego y la diáspora gallega

Resumen. El objetivo de este estudio es acercarnos a la realidad de la política de difusión exterior de la lengua gallega por parte de la Xunta y aclarar su significado y sus relaciones con los emigrantes gallegos y sus descendientes. La Xunta de Galicia ha venido realizando actividades de difusión como parte de la política de normalización lingüística. Se supone que las dos siguientes son las principales actividades de difusión de esta lengua: (1) la promoción del gallego para personas no gallego-hablantes y (2) el mantenimiento del gallego de los emigrantes gallegos. El autor de este estudio presenta en este artículo qué tipo de medidas toma cada parte involucrada teniendo en cuenta los datos obtenidos de la consulta bibliográfica y las entrevistas con las partes implicadas: la Secretaría Xeral da Política Lingüística, la Secretaría Xeral da Emigración, los centros gallegos y el Instituto Cervantes. En este artículo analizaremos los casos de Argentina, Brasil y Alemania como ejemplos de la comunidad emigrante gallega. También analizaremos las actividades desarrolladas por los Centros del Instituto Cervantes en relación con la difusión de las lenguas cooficiales de España.

Palabras clave: difusión exterior de la lengua gallega; centros gallegos; diáspora gallega; política lingüística.

[en] The External Diffusion of Galician and the Galician Diaspora

Abstract. The purpuse of this study is to get closer to the reality of the policy of external diffusion of the Galician language by the Xunta de Galicia and to clarify its meaning and its relations with the Galician emigrants and their descendants. The Xunta de Galicia has been carrying out activities to spread Galician as part of the policy of linguistic normalization. It is assumed that the following two are the main activities for the diffusion of this language: (1) the promotion of Galician for non-Galician speakers and (2) the maintenance of the language for the Galician emigrants. The author of this study presents in this article what kind of measures each party involved have realized taking into account the data obtained from the bibliographical consultation and the interviews with the parties involved: the Secretaría Xeral da Política Lingüística, the Secretaría Xeral da Emigración, the Centros galegos and the Instituto Cervantes. In this article we will analyze the cases of Argentina, Brazil and Germany as examples of the countries to where many Galicians emigrated. We will also analyze the activities developed by the Centers of the Instituto Cervantes in relation to the diffusion of the co-official languages of Spain.

Keywords: Galician Language Diffusion Policy; Centros Galegos; Galician Diaspora; Linguistic Policy.

[1] Universidade Kwansei Gakuin (Hyogo, Xapón).
Correo-e: tkakihara@kwansei.ac.jp

Sumario. 1. Introdución. 2. Obxectos da investigación e metodoloxía. 2.1. Puntos para debater. 2.2. Clasificación dos obxectos. 2.3. Entrevistas. 3. Historia e situación sociolingüística da diáspora galega. 3.1. Arxentina. 3.2. Brasil. 3.3. Europa. 4. Datos obtidos das entrevistas. 4.1. Secretaría Xeral de Política Lingüística. 4.2. Secretaría Xeral da Emigración. 4.3. Instituto Cervantes. 4.4. Cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia. 4.5. Centros galegos. 4.5.1. Bos Aires. 4.5.2. Río de Xaneiro. 4.5.3. Hannover e Frankfurt. 5 Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Kakihara, T. (2019): "A difusión exterior do galego e a diáspora galega", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 22, pp. 277-284.

1. Introdución[2]

O obxectivo deste estudo é achegarnos á realidade da política de difusión exterior da lingua galega por parte da Xunta de Galicia e aclarar o seu significado e as relacións entre a difusión do galego e os galegos emigrados e os seus descendentes. As razóns polas que abordamos estas cuestións son que a difusión exterior do galego é unha das medidas máis importantes da normalización lingüística desta lingua e que a existencia da sociedade dos galegos emigrados tamén é importante para o seu futuro.

Como declara a Secretaría Xeral de Política Lingüística no seu web "O Portal da Lingua", a "proxección exterior do galego" é unha das cinco áreas principais que considera importantes para a normalización. Por outra banda, Galicia é unha das principais rexións desde as que emigraron moitas persoas desde finais do século XVIII e as sociedades dos emigrantes e os seus descendentes son moi grandes. Por esta razón, o mantemento ou perda do galego por parte desta poboación será importante para o futuro deste idioma.

Para comezar este estudo cómpre aclarar quen, por que, para quen e onde teñen lugar as actividades de difusión do galego. Tamén temos que saber que se fai concretamente para a divulgación deste idioma e de que xeito.

2. Obxectos da investigación e metodoloxía

2.1. Puntos para debater

Primeiro temos que clarexar cales son os puntos para debater e fixar os obxectos da investigación facéndonos as seguintes preguntas:

(a) Quen e por que se fai a difusión exterior? A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística realiza a difusión exterior como parte da normalización lingüística. Por outra banda, os galegos emigrados e os seus descendentes tamén son os actores que inconscientemente levan a cabo actividades de difusión exterior desta lingua dado que eles manteñen e transmiten o galego aos seus fillos.

(b) Para quen se fan actividades de difusión exterior da lingua galega? Realizan estas actividades tanto para os que non falan galego, os non-galegofalantes e os estranxeiros, como para os emigrantes galegos e os seus descendentes.

(c) Onde se fan? Fanse non só fóra de Galicia senón tamén dentro do territorio do país porque os cursos de galego para non-galegofalantes se realizan en Galicia, como veremos máis adiante.

(d) Como se leva a cabo a difusión do galego ou que actividades se fan? Impártense cursos de galego ou fanse actividades culturais nas que se usa o idioma galego como, por exemplo, cancións, danzas ou proxección de películas.

En resumo, pódese sinalar que os puntos (a) e (b) tratan dos actores implicados, os seus motivos, os seus obxectivos e as súas actitudes. Para afondar nestas cuestións, escollemos como obxectos desta investigación os seguintes actores implicados: a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Secretaría Xeral da Emigración, o Instituto da Lingua Galega, os centros galegos e o Instituto Cervantes.

Os puntos (c) e (d) están relacionados coa situación actual ou a realidade das actividades que se levan a cabo nos centros galegos do mundo. Cómpre saber as condicións reais dos centros galegos para coñecermos mellor a situación actual ou máis recente das actividades desenvolvidas en diferentes partes do mundo.

2.2. Clasificación dos obxectos

En primeiro lugar, clasificamos os obxectos da investigación presentandos en § 2.1 aplicando o concepto xaponés de *Uchi* e *Soto*. *Uchi* significa literalmente "dentro" e emprégase para expresar que algún obxecto, por exemplo, forma parte do "mesmo grupo", da "mesma familia" ou "da mesma empresa". *Soto*, pola contra, significa que algo está "fóra do grupo" ou fóra doutra

[2] Este estudo foi realizado co auspicio do Fondo de Estudos JSPS KAKENHI (nº de estudos: 16K02706).

Figura 1. Esquema da clasificación dos obxectos da política de difusión do galego, aplicando o concepto de *Uchi* ('dentro') e *Soto* ('fóra')

cousa. Este concepto ou criterio semella útil para clasificar os actores implicados na difusión de galego (Figura 1).

O eixo horizontal alude á territorialidade e o vertical refírese ás persoas. A parte dereita significa "fóra" do territorio, é dicir, fóra de Galicia; a parte superior significa "fóra" do grupo, ou sexa, non galegos ou non-galegofalantes.

O primeiro cuadrante significa "fóra" do territorio e "fóra" do grupo, ou sexa, "fóra" de Galicia e as persoas que non son galegas nin descendentes. Os estudantes estranxeiros que estudan galego nun curso desta lingua son exemplos deste cuadrante. O segundo cuadrante significa "dentro" de Galicia, mais fóra do grupo, ou sexa, non galegos. Neste cuadrante entrarán os inmigrantes en Galicia. No terceiro cuadrante, que é dentro do territorio e dentro do grupo, entrarán os galegos que viven en Galicia. No cuarto cuadrante, que é fóra do territorio mais dentro do grupo, estrará a diáspora galega. En resumo, os obxectos principais deste estudo son os obxectos que están nos cuadrantes 1 e 4.

2.3. Entrevistas

Para achegarnos á situación real da política de difusión exterior da lingua galega, convén aclarar o seu significado e analizar as relacións entre a difusión desta lingua e a diáspora galega, repasando primeiro brevemente a historia e a situación sociolingüística das sociedades da diáspora galega que tratamos. Posteriormente realizamos entrevistas cos actores implicados clasificados en § 2.2.

Como entidades que executan medidas concretas para realizar a política de difusión lingüística, contamos coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Secretaría Xeral da Emigración e o Instituto Cervantes.

Como lugares onde moitos galegos emigrados poden realizar actividades de herdanza lingüística e facer actividades culturais, escollemos as casas de Galicia ou centros galegos de Bos Aires e Río de Xaneiro. A Arxentina, Cuba e o Brasil son os países de destino de preferencia dos emigrantes galegos a América nas tres primeiras décadas do século pasado, nas que se atinxiu o primeiro pico da chegada dos inmigrantes galegos a este continente (Villares e Fernández 1996: 37). A razón pola que escollemos a Arxentina e o Brasil como campos de estudo débese a que se comparamos os casos destes dous países poderemos saber que tipo de diferenzas hai cando a lingua principal da sociedade receptora é diferente.

Como casos de referencia para países aos que moitos galegos emigraron desde os anos 1960, temos en conta dous centros galegos de Alemaña, Hannover e Frankfurt.

3. Historia e situación sociolingüística da diáspora galega

Galicia é considerada unha das principais rexións emigrantes de España. Moitos galegos emigraron a países latinoamericanos principalmente desde mediados do século XIX e a países europeos como Suíza, Francia e Alemaña

desde os anos sesenta do século XX[3]. Estes galegos emigrados estableceron asociacións de axuda mutua chamadas "centros galegos" ou "casas de Galicia" para intercambiar informacións, facer actividades recreativas ou enfrontar os problemas que xurdían ao adaptarse á sociedade de destino.

Neste apartado, repasamos de forma moi breve a historia e os datos básicos para entender a situación sociolingüística dos galegos emigrados a estes lugares.

3.1. Arxentina

De acordo con Ruy Farías, entre 1857 e 1930 chegaron á Arxentina 2.070.874 inmigrantes hispanos, e arredor dun millón deles radicarían alí permanentemente. A eles sumaríanse outros 237.190 entre 1946 e 1960 (Farías 2013: 145). Este investigador estima que uns 600.000 galegos ficaron en Arxentina definitivamente (Ibid.). Por outra banda, segundo as cifras do Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) do Instituto Nacional de Estatística, en 2018 viven 175.906 persoas nacidas en Galicia en Arxentina.

Gugenberger e Soto Andión (2002) sinalan varios factores que favoreceron a asimilación dos galegos á sociedade hispanofalante da Arxentina. Un deles é que os emigrantes galegos sentían que o galego era inútil e inferior ao castelán porque xa estaban baixo a situación diglósica antes de saíren de Galicia (2002: 247-250). Os anos da posguerra, especialmente, supuxeron unha situación de represión cultural e lingüística pola que a lingua galega quedou marxinada (Ibid. 248). Por outra parte, o goberno arxentino adoptou unha política de asimilación e homoxeneización (Ibid. 250-251). A proximidade lingüística tamén facilitara o cambio de linguas de galego a castelán (Ibid. 257).

3.2. Brasil

Segundo Sarmiento, entre os anos 1880 e 1930 chegaron a Brasil máis de 500.000 inmigrantes españois (2006: 62). Dende 1945 ata finais dos anos cincuenta, chegaron ao Brasil uns 80.000 inmigrantes españois e entre o 60% e o 70% deles eran galegos (Villares e Fernández 1996: 129). Xa na actualidade, en 2018, viven no Brasil 48.441 persoas nadas en Galicia, de acordo co PERE. Río de Xaneiro é unha cidade que ten unha gran comunidade de inmigrantes galegos e dos seus descendentes no Brasil.

Sarmiento sinala que entre os inmigrantes galegos e portugueses que chegaron a Río de Xaneiro había moitas semellanzas, entre as que se atopaban, a ocupación profesional e o idioma (2006: 62); por estas e outras razóns, os galegos confundíanse cos portugueses (Ibid. 60). Ademais, moitos galegos xa tiñan contactos cos portugueses antes de que emigrasen masivamente ao Brasil, porque se dirixían a cidades portuguesas como Lisboa ou Porto para traballar (Ibid. 63). Os galegos vivían concentrados nas áreas en que vivían moitos portugueses (Ibid. 69) e eran vistos como traballadores sen importancia social nin estatus, sendo a palabra "galego" sinónimo de insulto en Río de Xaneiro (Ibid. 67-68).

En tales circunstancias, é doado imaxinar que os galegos abandonasen o seu idioma para cambialo polo portugués.

3.3. Europa

Como sinala Margariños (1999: 11), debido ao desenvolvemento desigual entre algúns países europeos, xurdiu unha nova onda migratoria desde os países mediterráneos cara aos países con expansión económica como Francia, Suíza, Países Baixos ou Alemaña. "Esta nova onda migratoria caracterizouse por un incremento na porcentaxe de mulleres, maior grao de temporalidade, escasa cualificación laboral" (Ibid.).

Entre 1951 e 1970 saíron de Galicia 500.000 persoas e delas 385.962 fóronse cara a Europa Occidental (Sixirei Paredes 2001: 67). Segundo os datos do PERE, en 2018 viven en Suíza 41.114 persoas nadas en Galicia; en Francia, 18.979; en Alemaña, 17.227 e nos Países Baixos, 3.100.

As características dos emigrantes galegos en Europa son o alto nivel de alfabetización, que superaba o 95% (Sixerei Paredes 2001: 68), e os problemas de adaptación, debido principalmente á falta dun apoio familiar nun medio culturalmente moi diferenciado (Ibid.).

---

[3] Segundo os datos de Eiras 1993 citados en Villares (1996: 35-36), un total de 2.041.603 de galegos emigraron a América entre 1836 e 1960. Margariños (1999: 167) recolle un total de 1.193.476 como emigración neta entre 1860 e 1970.

4. Datos obtidos das entrevistas

A continuación comentamos os datos obtidos das entrevistas realizadas tanto en Galicia como na Arxentina, no Brasil e en Alemaña.

4.1. Secretaría Xeral de Política Lingüística

As entrevistas leváronse a cabo en dúas ocasións, en setembro de 2012 e en setembro de 2017, tendo como interlocutor a Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística.

Segundo o secretario xeral, a misión máis importante da Secretaría Xeral con respecto á difusión externa do galego é "facer coñecer a existencia de galego no exterior". Nos países estranxeiros a Secretaría Xeral imparte cursos de galego e desenvolve outras actividades culturais para difundir o coñecemento da lingua galega en colaboración cos centros de estudos galegos e co Instituto Cervantes.

En opinión do secretario xeral, para a difusión deste idioma "a presenza dos galegos emigrados é unha vantaxe". Porén, como non comenta máis detalles sobre medidas concretas, non parece que a Secretaría Xeral de Política Lingüística utilice positivamente a presenza dos emigrantes para difundir o galego.

Na actualidade a Secretaría Xeral de Política Lingüística tenta fomentar o uso de galego na área empresarial e amósalles aos empresarios as vantaxes competitivas que presenta o galego nos países de fala portuguesa.

4.2. Secretaría Xeral da Emigración

Por outra parte, Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración, informounos na entrevista mantida en setembro de 2014 que a Secretaría Xeral realiza as seguintes tres misións importantes:

1. Contribuír á unión e fusión das asociación galegas.
2. Conservar os patrimonios culturais das sociedades galegas emigradas.
3. Axudar e promocionar as empresas galegas no mercado exterior.

En definitiva, pódese considerar que a Secretaría Xeral da Emigración pon énfase nas actividades orientadas a axudar ás sociedades da diáspora galega promovendo as fusións das asociacións e fomentando a conservación do seu patrimonio.

Así pois, concluímos que non mostra moito interese en manter ou difundir o coñecemento do galego entre os galegos emigrados e os seus descendentes.

4.3. Instituto Cervantes

O Instituto Cervantes respecta a diversidade lingüística de España desde a súa fundación (art. 3, Lei 7/1991, de 21 de marzo, pola que se crea o Instituto Cervantes). Por iso imparte cursos de linguas cooficiais en sedes do Instituto Cervantes nalgúns países con colaboración cos departamentos encargados da difusión exterior de lingua de cada comunidade autónoma.

En setembro de 2012 mantivemos unha entrevista na sede central de Madrid do Instituto Cervantes. Segundo as informacións que nos facilitaron nesa ocasión, desde o ano 1996-97 ata a altura da entrevista véñense realizando cursos anuais de galego no centro de París cunha participación de entre 10 e 30 persoas. Os centros de Múnic e Bruxelas tamén organizaron o curso de galego entre 2003-04 e 2007-08, respectivamente. En ambos os dous casos a demanda era baixa, cun número de matriculados de entre 6 a 7. Con respecto ao perfil dos alumnos, no caso dos cursos impartidos en París tratábase de inmigrantes galegos, descendentes de galegos ou con familiares galegos.

O autor deste traballo tivo a oportunidade de visitar os centros do Instituto Cervantes de Río de Xaneiro (2013), San Paulo (2013), Tokio (2013 e 2016), Manila (2017), Frankfurt (2017) e Nova York (2018). De todos eles só o de Tokio impartiu nalgunha ocasión o curso de galego.

4.4. Cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia

O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real Academia Galega veñen organizando cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia desde 1988. Aínda que este curso se leva a cabo en Galicia, os destinatarios desta actividade son as persoas que veñen de fóra do país. Polo tanto, consideramos que este curso é unha medida de difusión exterior da lingua galega. Os participantes intégranse no primeiro cuadrante da nosa clasificación (Figura 1) porque veñen de fóra de Galicia e non son galegos.

Segundo o director do curso no momento no que se efectuou a entrevista (2012), o obxectivo orixinal foi formar especialistas ou profesionais do galego para fomentar os estudos

galegos en diferentes países. Con todo, ao longo do tempo aumentou o número de participantes e decidiron recibir tamén aos que tiñan interese en ámbitos distintos á lingüística (cultura, música, sociolingüística, etc.).

Inicialmente o número de participantes era duns 10, mais chegou a acadar os 160 en 2002 e 2003. O número ideal para realizar o curso é duns 100 alumnos, e nos últimos anos veñen participando entre 85 e 90 persoas regularmente. Os participantes proceden dos cinco continentes, aínda que maioría son de Europa. Ao principio había moitos alumnos alemáns, pero nos últimos anos aumentou a participación de rusos e polacos. Tamén hai moitos que proceden do Brasil e da Arxentina.

4.5. Centros Galegos

Cal é a natureza das actividades que realizan os galegos da diáspora para manter e difundir a lingua e a cultura galegas nas sociedades onde emigran? Como veremos, os emigrantes galegos organizaron moitas asociacións de axuda mutua nos seus países de destino. Nas seguintes seccións centraremos a atención nas asociacións de galegos emigrados e observaremos como se realizan as actividades culturais e o ensino das linguas de acordo coa información obtida nas entrevistas cos representantes destas organizacións.

4.5.1. Bos Aires

En Bos Aires naceu o maior número de asociacións de inmigrantes galegos do mundo. En 2001 había 76 asociacións de inmigrantes galegos na Arxentina, das cales 50 estaban en Bos Aires e 14 nas aforas desta cidade (Fernández Martínez 2001a: 107-390).

Aínda que a comunidade galega constitúe un grupo numeroso, a inmigración galega foi unha inmigración individual e os galegos non se desprazaban colectivamente nin vivían illados sen ter moita comunicación co mundo exterior, como sucedeu cos alemáns do norte de Arxentina e no sur do Brasil (Gugenberger e Soto Andión: 255-256). Os inmigrantes da primeira xeración acudían ás asociacións concibidas para unir a xente e fortalecer os lazos de familia e solidariedade; porén, a segunda xeración frecuentou menos este tipo de asociacións (Ibid. 256). Pódese afirmar, entón, que estas asociacións están perdendo vitalidade.

En febreiro de 2015 entrevistamos aos representantes do Centro Galicia de Bos Aires, unha organización de inmigrantes galegos, e do Instituto Santiago Apóstol, un centro educativo creado polo Centro Galicia de Bos Aires e a Xunta de Galicia.

O Centro Galicia de Bos Aires fundouse en 1979 como resultado da fusión de catro centros: o Centro Coruñés, o Centro Lucense, o Centro Ourensán e o Centro Pontevedrés. Segundo o xerente do Centro Galicia, ao principio, os paisanos formaban pequenos grupos para comprar produtos ou reunirse para vivir nunha terra que non lles era familiar. A medida que o número de persoas que se asentaban en Bos Aires aumentaba, xurdiu a necesidade dunhas instalacións deportivas para nenos, entre outras cousas, e naceu o Centro Lucense como consecuencia da fusión de varios grupos. Nesa ocasión, adquiríronse terreos para instalacións deportivas en Olivos, a uns 20 quilómetros ao noroeste da cidade de Bos Aires, e un edificio nun barrio céntrico de Bos Aires para realizar actividades culturais. O edificio actual da sede do Centro comezou a construírse en 1998 e completáronse as obras de todas as instalacións en 2008.

O número máximo de socios foi de 25.000, acadado en 1980, e o número actual é de aproximadamente 9.000, dos cales 3.000 son socios vitalicios, isto é, socios de máis de 65 anos que foron asociados durante máis de 30 anos.

O director do Instituto Santiago Apóstol informounos de que esta escola foi creada en 1998 como un proxecto conxunto do Centro Galicia de Bos Aires e da Xunta de Galicia. O proxecto ten como obxectivo desenvolver a educación bicultural en todos os niveis educativos. A partir de 1998 comezou o nivel inicial para nenos de 2 a 5 anos, e en 2005 comezaron as actividades do ensino medio. Actualmente, ofrécese educación infantil, primaria e secundaria, e en 2015 había 550 estudantes matriculados e 125 profesores.

Segundo o director da escola, que é privada, pódense realizar varias actividades extraescolares. Desta maneira, ofrécense cursos de lingua, cultura e xeografía galegas. Canto ao ensino do galego, os alumnos do nivel infantil, de 2 a 5 anos, estudan galego tres horas á semana. Os estudantes do nivel primario, de 6 a 12 anos, e do nivel secundario, de 13 a 18 anos, estudan catro horas semanais. Os alumnos de 1º a 3º curso do nivel secundario tamén estudan xeografía e historia de Galicia, dúas horas á semana respectivamente. Ademais disto, moitos estudantes participan en actividades extraescolares de música e danza galegas. O 77% dos estudantes teñen na súa orixe algunha relación con España e moitos deles teñen relación con Galicia.

Este centro tamén ofrece un curso de lingua galega para adultos no que participan regularmente unhas 20 persoas. Ademais de ensinar a lingua, previamente ofrecían cursos de cultura galega co apoio da Xunta de Galicia. Aínda que este apoio da Xunta xa finalizou, o centro segue realizando actividades de balde, como o préstamo de libros da biblioteca ou actividades culturais para pais e nenos.

4.5.2. Río de Xaneiro

En 2001, había no Brasil 13 organizacións de axuda mutua de inmigrantes galegos. Os estados de Río de Xaneiro, San Paulo e Bahía contaban con cadansúa organización (Fernández Martínez 2001b: 391-436). Segundo a listaxe da Secretaría Xeral da Emigración, hai 11 asociacións rexistradas en 7 cidades de acordo coas disposicións da Lei de Galeguidade. Catro delas están en Río de Xaneiro e outras catro en San Paulo.

En agosto de 2013, mantivemos unha entrevista na Casa de Espanha de Río de Xaneiro co director académico desta asociación. Nela, o director explicounos que a asociación se formou en 1983 coa fusión do Club Español de Río de Xaneiro (fundada en 1951) e da Casa de Galicia (creada en 1947). Actualmente serve de centro recreativo e realiza actividades culturais para a comunidade de inmigrantes e descendentes hispanos.

En canto ao ensino das linguas, desde 1986 impártense cursos de español e nos últimos anos veñen matriculándose preto de 500 persoas cada ano. Segundo o director académico, a maioría dos matriculados son estudantes e traballadores brasileiros e pódese dicir que os cursos non son para os descendentes de inmigrantes españois, senón para satisfacer a demanda dos brasileiros.

Este centro tamén ofrece cursos de lingua galega e, cada certo número de anos, os profesores visitantes que veñen de Galicia á Universidade Estatal de Río de Xaneiro ofrecen cursos intensivos neste centro.

Segundo os datos de Fernández Martínez (2001b: 402), este centro contaba con preto de 3.000 socios no ano 2000. En 1987 creouse a Peña Gallega dentro desta organización co obxectivo de levar a cabo actividades de promoción da cultura galega e ofrecer os cursos de galego mencionados máis enriba.

4.5.3. Hannover e Frankfurt

Hai 11 asociacións de inmigrantes galegos en 11 das cidades de Alemaña. O establecemento máis antigo é o da Peña Galicia de Hanau, situada en Hanau, Hessen, fundado en 1966 (Campos Álvarez 2001: 9-42).

Mantivemos varias entrevistas no Centro Galego de Hannover en novembro de 2015 e no Centro Galego de Frankfurt en setembro de 2017.

Segundo nos contaron, en 1969, 12 familias de Hannover reuníronse para formar unha organización de recreación e apoio mutuo. Esta organización expandiuse e en xuño de 1981 xurdiu o Centro Galego de Hannover. Tiña máis de 300 familias asociadas arredor de 1990, e perto de 600 persoas participaban nos eventos, preto actualmente non supera os 200 socios. Aínda que esta organización segue realizando actividades de herdanza da lingua e da cultura, como a realización de cursos de galego co apoio da Xunta de Galicia, vén experimentando un descenso continuo do número de socios e o seu envellecemento, polo que diminúe o número de actividades promovidas.

En Frankfurt, onde se fundou o Centro Galego en 1985, a situación é parecida á de Hannover. Na altura da entrevista, debido aos problemas administrativos, paralizáronse as súas actividades, aínda que ata 2012 se organizaba a semana cultural galega e participaba no desfile das culturas da cidade de Frankfurt. Hai 10 anos impartiu un curso de galego no que participaron unhas 30 persoas.

5. Conclusións

De acordo co esquema de clasificación visto en § 2.2 (Figura 1), podemos situar as medidas tomadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e as tomadas pola Secretaría da Emigración nos cuadrantes opostos respecto ao eixe horizontal, no primeiro e no cuarto cuadrante, respectivamente. Isto quere dicir que, mentres que as medidas da Secretaría Xeral de Política Lingüística son destinadas ao territorio de fóra de Galicia e ás persoas que non son galegas, as medidas da Secretaría Xeral da Emigración son para o territorio de fóra de Galicia, mais para as persoas de orixe galega, ou dentro do grupo. En canto á difusión de galego e a presenza da diáspora galega, estes actores non as vinculan positivamente. A continuación veremos as medidas concretas que observamos.

Os cursos de galego realizados nos centros do Instituto Cervantes sitúanse no cuadrante 4 porque a maioría dos alumnos teñen raíces galegas.

Pola contra, os cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia organizados polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real Academia Galega estarán no cuadrante 1.

Pola súa parte, podemos situar as actividades que fan os centros galegos no cuadrante 4 porque a maioría das actividades están dirixidas ás persoas de orixe galega que viven fóra de Galicia.

En definitiva, podemos tirar unhas primeiras conclusións ao respecto.

Para comezar, agás os cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia da Universidade de Santiago de Compostela, a maioría das medidas que se toman como parte da difusión exterior de galego están destinadas á poboación do cuadrante 4 (os emigrantes e os seus descendentes)[4].

En case todos os centros galegos que vimos obsérvanse problemas de envellecemento dos emigrantes e unha baixa participación dos descendentes nas actividades. Polo tanto, non se pode negar a decadencia das actividades de difusión exterior de galego.

Para solucionalo cómpre manter abertas as actividades dos centros galegos tamén ás persoas de fóra de grupo. Para acadar este obxectivo a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral da Emigración teñen que pensar en medidas para abrir as portas dos centros galegos a un público máis amplo.

6. Referencias bibliográficas

Campos Álvarez, Xosé Ramón (2001): "Alemania", en C. Sixirei Paredes, X. R. Campos, E. Fernández (eds.), *Asocianismo galego no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, tomo II, pp. 9-42.

Farías, Ruy (2013): "Al sur del Riachuelo. Un análisis de la presencia e integración laboral gallega en el Conurbano bonaerense a partir de una fuente nominativa (1939-1960)", en E. Sarmiento e R. Farías (Eds.), *Novos Olhares sobre a imigração ibérica em América Latina (Séculos XIX-XX)*. Río de Xaneiro: Universo, vol. 2, pp. 145-169.

Fernández Martínez, Enrique (2001a): "Arxentina", en C. Sixirei Paredes, X. R. Campos, E. Fernández (Eds.), *Asocianismo galego no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, tomo I, pp. 107-390.

——— (2001b): "Brasil", en C. Sixirei Paredes, X. R. Campos, E. Fernández (Eds.), *Asocianismo galego no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, tomo I, pp. 391-436.

Gugenberger, Eva e Xosé Soto Andión (2002): "Aspectos lingüísticos e sociolingüísticos do contacto entre galego e castelán en Bos Aires", *Estudios migratorios* 13-14 (xuño-decembro), pp. 247-288.

Hagio Sho, Kakihara Takeshi, Hasegawa Shinya e Tukahara Nobuyuki (2015): "Ekkyou suru Syousuu-gengo no syatei: Gendai-Supein niokeru Kokkago to Syousuu-gengo no Taigai-hukyuu-seisaku (Perspectivas das políticas de difusión exterior das linguas minoritarias: O caso do castelán e as linguas cooficiais da España actual)", *Kotoba to Ssyakai (Language and Society)* 17, pp. 112-159.

Kakihara, Takeshi (2016): "La emigración gallega y la difusión de la lengua y cultura gallega", *Lingüística Hispánica* 39, pp. 41-56.

——— (2017): "Garishia-go no Kaifuku-seisaku ni okeru Zaigaiimin no Sonzai (O impacto dos galegos no exterior cara a Normalización Lingüística de galego)", *Shogaku Ronkyu* 64/6, pp. 127-146.

Margariños, Alfonso (1999): *A emigración, Modernización e cambio social na Galicia contemporánea: 1900-1936*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Plaza, Alejandra (2013): "Una nueva forma de emigrar a Alemania", Ponencia de apertura, *Día Hispánico 2013- Acercamiento a los problemas de la España de hoy*. Frankfurt: Instituto Cervantes Frankfurt.

Sarmiento, Érica (2006): *Galegos no Río de Xaneiro* (1850-1970). Santiago de Compostela: Universidade.

Sixirei Paredes, Carlos (2001): *Asocianismo galego no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, tomo I.

——— (2007): "Pelos logradouros cariocas: uma perspectiva da imigração galega no Río de Xaneiro", en F. de Sousa *et al*. (orgs.), *A emigração portuguesa para o Brasil.* Porto: CEPESE / Edições Afrontamento, pp. 193-208.

Villares, Ramón e Marcelino Fernández (1996): *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

---

[4] O exemplo do Instituto Santiago Apóstol de Bos Aires é unha excepción, porque unha parte dos alumnos non teñen nada que ver con Galicia, así como o caso dalgúns centros galegos que participan nos actos culturais locais como o desfile ou o festival da cidade para difundir a súa cultura. Estes exemplos sitúanse no cuadrante 1.